



CENTRO PLURILINGÜE	
Concertado	E.Infantil. E.Primaria. E.S.O.
Privado	Bacharelato

CAMPAMENTO LÚDICO-DEPORTIVO VERÁN 2020 INFANTIL E PRIMARIA

Estimadas familias:

Conscientes da necesidade de aportar alternativas de ocio aos nen@s durante as épocas de vacacións e, máis aínda, tendo en conta as necesidades de conciliación familiar nesta situación de emerxencia sanitaria na que nos atopamos, o COLEXIO APÓSTOL SANTIAGO organiza un **CAMPAMENTO LÚDICO-DEPORTIVO** aberto a tod@s @s nen@s de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos (de Infantil 3 anos a 6º E. Primaria).

Tendo en conta que moitas familias están traballando nestas datas, propoñémosvos un tempo de lecer e de actividades deportivas para os vosos fillos en horario de mañá de 9:00-14:00 aproximadamente (con entrada e saída escalonada, para garantir as medidas de seguridade), de luns a venres, entre o 29 de xuño e o 31 de xullo.

Con esta oferta tentamos conseguir que os nosos nen@s poidan disfrutar dunha variada gama de actividades deportivas e lúdicas, convivindo e relacionándose con outr@s compañeir@s. A nos, como educadores, permítenos traballar todo aquilo relacionado coa educación non formal: autonomía, relación cos outros, respecto ás normas, hábitos, valores, además de ofrecerlles unha formación deportiva e abrírlles os horizontes deportivos, descubríndolles novas disciplinas descoñecidas para eles e un tempo de lecer compartido.

CARACTERÍSTICAS:

Datas:

- Do luns 29 de xuño ao venres 31 de xullo, de luns a venres.
- Organizarase por tandas semanáis independentes onde poderedes escoller as que precisedes.
- Cada tanda contará con distintas actividades en cada unha delas para aqueles que queiran facer varias tandas ou todo o campamento.
- As tandas serán as seguintes:
 - 1ª tanda: 29 xuño-4 xullo
 - 2ª tanda: 6-10 xullo
 - 3ª tanda: 13-17 xullo
 - 4ª tanda: 20-24 xullo
 - 5ª tanda: 27-31 xullo

Horario base:

- 09:00-9:30 Horario de chegada.
- 09:30-10:00 Comezaremos cunha benvinda motivante e divertida.
- 10:00-11:30 Xogos deportivos das diferentes especialidades.
- 11:30-12:00 Recreo e aperitivo, que, por motivos de seguridade e hixiene, terán que traer da casa.
- 12:00-13:30 Xogos e actividades individualizadas como: Obradoiros de deportes, rastrexos, gymkanas, búsquedas do tesouro...
- 13:30-14:00 Horario de entrega a familias.

Participantes: Alumnos de Educación Infantil e Primaria.

Monitores: Equipo de monitores/as e adestradores/as do colexio.

Número de prazas:

- O campamento terá lugar no caso de ter un número **mínimo de 18 rapaces/as por semana**. Se non se chegase a este número de inscritos, non se levaría a cabo nesa tanda.
- O número **máximo de rapaces/as por semana serán 72**, por rigurosa orde de inscrición.

Actividades:

- Haberá deportes máis habituais e outros alternativos, competicións individuais, gymkanas, xogos, concursos de probas... sempre o máis individualizado posible.
- Cada nen@ de 3º a 6º de Primaria escollerá unha especialidade deportiva que se nos comunicará escribindo ó mail rafael.loureiro.prieto@colegioapostol.com para intentar facer grupos de especialidade deportiva. **No caso de non chegar a mínimos para poder facer estas actividades, procurarase buscar deportes afíns, dentro das posibilidades que teñamos tendo en conta número de inscritos, idades...**
- Poderán escoller entre:
 - Fútbol
 - Fútbol Sala
 - Ximnasia Rítmica
 - Ping Pong
 - Baloncesto
 - Atletismo
- Os alumnos de Infantil e 1º e 2º de primaria non escollerán especialidade deportiva xa que probarán distintos deportes, buscando a experiencia do multideporte, probando a variedade de deportes que propoñamos.

Instalacións: Colexio Apóstol Santiago.

Material:

- Deberán traer roupa cómoda para facer deporte.
- Os materiais de actividades serán por conta da organización.
- Os participantes terán que traer o aperitivo de media mañá da casa, por motivos de seguridade e hixiene.

Inscripción:

- A inscrición realizarase a través da plataforma Alexia. No apartado de Paraescolares-Campamento Deportivo 2020.
- Farase a solicitude por tandas semanais, escollendo as que máis conveñan (por exemplo, se se quere inscribir en todo o campamento, teredes que inscribiros nas cinco tandas, unha a unha).
- Despois de solicitar a inscrición terá que ser aceptada por nós, confirmando a inscrición no campamento.
- A data límite para inscribirse será o **xoves 18 de xuño.**
- Para máis información poden poñerse en contacto cos correos rafaelloureiro.prieto@colegioapostol.com ou albertorodriguez@colegioapostol.com

Prezo:

- 1 semana 95 euros
- 2 semanas 175 euros
- 3 semanas 255 euros
- 4 semanas 320 euros
- 5 semanas 375 euros

*2º hermano: Desconto 10%

**3º hermano: Desconto 20%

Medidas para garantir a seguridade:

- Garantizarase unha ratio máxima de 9 alumn@s por monitor.
- Velarase para que se cumpra a distancia de seguridade en todas as actividades, buscando en todas estas un carácter individualizado.
- As instalacións contarán coas pertinentes medidas de limpeza e desinfección, así como xabón e xel hidroalcohólico para o uso de monitores e alumnos, aínda que recomendamos se é posible que cada nen@ poda traer o xel de casa.
- Haberá varios momentos ó longo da mañá para rutinas de desinfección e lavado de mans para os rapaces, guiadas polos monitores.
- Será requisito obrigatorio que as familias dos asistentes asinen un documento de declaración responsable, que vos adxuntamos neste comunicado, para evitar que calqueira persoa en situación de risco sanitario participe na actividade
- Farase chegar ás familias instrucións referentes ás medidas de prevención que se deberán cumprir.

O campamento poderá sufrir variacións na súa organización en función da evolución da situación de emerxencia sanitaria e da normativa que ela mesma conleva e afecta ós centros educativos e actividades de lecer e tempo libre.